

## COPLAS DOS MAIOS 2019

As coplas dos maios  
que nós lles cantamos  
veñen moi alegres  
pra bailar un rato.

Pra bailar un rato  
as cancións de Aitana  
que son moi ritmosas  
e agora están de moda.

Agora está de moda  
o Instagram e o Twitter  
ponte moitos filtros  
para estar increíbles.

Tamén o Fornite  
está moi de moda  
cando fas un “kill”  
a xente se alborota.

A xente se alborota  
co Pablo Casado  
venche moi crecido  
pero é un petardo.

Tamén é un petardo  
este Donald Trump  
quere un gran muro  
pra non deixar pasar.

# CEIP As Mercedes






A profe da miña clase  
as coplas mándame facer  
pero non me gusta  
eu só quero correr!

Eu só quero correr  
que isto vaime aburrir,  
unha tradición antiga  
da que non podo fuxir.

A primavera comezou  
e xa saio a pasear,  
pero o maldito pole  
non me deixa descansar.



**PROINGAL**  
Ingenieros Asociados s.l.

Encántanme as flores  
de todas as cores,  
encántanme os olores  
pero non me amoles.

Maio, xuño e xullo  
e xa ven o verán;  
danme as vacacións  
e xa podo descansar.

É a primavera  
época de eleccións,  
pero xa veremos  
quen come os polvoróns.

No vinte e seis de maio  
veñen as municipais  
pero non teño a idade  
para poder votar.

Veñen as municipais  
alguén ten que gañar,  
pero a Xesús Vázquez  
non sei como lle andará.

Xa chegou o maio  
cheíño de cores  
para darlle vida  
a nosa ruíña.

A nosa ruíña  
é case invisible  
xa que nin a mira  
este noso alcalde.

Este noso alcalde  
faise moitas fotos  
pero na nosa zona  
non invirte fondos.

Non invirte fondos  
e é unha pena  
só cubre as fachadas  
das casas máis vellas



apicota  
artesanía  
rúa colón 27 · ourense



 **Soal Asesores**  
fiscal laboral contable jurídico inmobiliaria

Concordia 20, Entrechán Dta. 32003 Ourense

[info@soalasesores.com](mailto:info@soalasesores.com)

988 603 718



As casas máis “bellas”  
pódense arranxar  
e moitas familias  
pódennas habitar.

Non podo votar  
pero miro o programa,  
por se me preguntan  
poder aconsellar.

Aconsello, aconsello,  
aconséllolle a todos,  
que voten a un partido  
que se preocupe polo pobo.

O que din os partidos  
está todo ben,  
mais se ese partido gaña  
olvidan a campaña.

O partido que gañe  
terá moito que traballar,  
porque neste concello  
hai moito que arranxar.

Terá que mellorar  
a limpeza e a sanidade,  
que atendan ós enfermos  
e estean limpos os parques.



Se non atopas partido  
vai á mesa igual,  
é mellor dar un paseo  
que non ir votar.

Se vés a Ourense,  
podes tomar os baños,  
ir ver o Santo Cristo  
e a ponte dos romanos.

Temos a zona vella  
para tomar uns viños,  
pasear por ela  
e xogar cos meniños.

Ourense cidade termal  
vente a bañar,  
estás moi quentiño  
e relaxado sairás.

Tamén temos As Burgas  
a auga sae moi quente,  
se queres meter a man  
quítaa rápido ou ferves.

Logo está a Catedral  
co noso Santo Cristo,  
din que lle crece o pelo  
mais eu non o teño visto.

**kilómetros  
& millas**

Te acercamos a los idiomas



A primavera xa comezou  
e non hai nada peor,  
que por culpa deste clima  
os maios queden sen sol.

Non teño moito poder  
xa que só unha nena son,  
pero espero que nos maios  
poida gritar a miña opinión.

Moitos acontecementos  
están a suceder,  
e o único que vexo  
e políticos debater.

Na festa dos maios  
todo colorido é,  
e nos nosos días  
non sempre se pode ver.

Moita choiva hai  
pero non me vai afectar,  
porque a min os maios  
encántame celebrar.

A min gústame rir  
gústame cantar,  
pero o que máis me gusta  
é os maios celebrar.

ANPA PÍA  
DA CASCA